



## XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE A ENTIDADES LOCAIS 2012 (SI435A): Programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero

A **data límite** de presentación da xustificación é o **30 de novembro de 2012** e realizarase de acordo co establecido no artigo 16º das bases reguladoras aprobadas pola Resolución de 5 de abril de 2011 e publicadas no DOG do 11 de abril de 2011.

**As entidades beneficiarias** presentarán, conforme ao disposto nese artigo, a documentación acreditativa que se sinala, nun único exemplar orixinal:

1. **ANEXO X:** solicitude de cobramento (formulario publicado na Resolución de 5 de abril de 2011, DOG do 11-04-2011).
2. **ANEXO XI:** certificado de gastos realizados (formulario publicado na Resolución de 5 de abril de 2011, DOG do 11-04-2011). Nesta certificación teñen que incluírse todos os gastos do proxecto segundo o indicado pola entidade na súa solicitude, independentemente de seren gastos subvencionables.
3. **ANEXO V:** declaración de axudas actualizada á data de xustificación (formulario publicado na Resolución de 4 de xaneiro de 2012, DOG do 11-01-2012).
4. **FACTURAS ORIXINAIS** (ou documentos de valor probatorio equivalente) acreditativas dos gastos subvencionados xunto cos **XUSTIFICANTES BANCARIOS** que acrediten o seu pagamento, presentaranse ordenadas conforme á relación clasificada dos gastos certificados e a cada unha xuntarase o correspondente xustificante de pagamento, no que deberá constar, tal e como se establece nas bases reguladoras, o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto. No caso de nóminas, acompañaranse dos seguros sociais e da retención a conta do imposto do IRPF, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.
5. **MEMORIA DE EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE**, que para actuacións distintas da elaboración ou avaliación dun plan de igualdade **deberá conter como mínimo:** descrición das actuacións desenvolvidas (lugar e data de realización, duración, contidos e metodoloxía empregada no seu desenvolvemento), valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e do seu impacto en relación cos resultados previstos, publicidade e divulgación que se realizou e, no seu caso, número de persoas participantes desagregadas por sexo. No caso de que a actuación subvencionada fose a avaliación dun Plan de Igualdade a memoria deberá recoller a metodoloxía empregada, a valoración cuantitativa e cualitativa dos resultados en relación cos obxectivos e actuacións propostos no plan e a identificación das áreas de mellora. Para o suposto de que a acción subvencionada fose a realización dun plan de igualdade entenderase cuberto este punto coa achega do dito plan, no que debe constar expresamente a metodoloxía empregada para a súa realización.
6. **MOSTRA DE TODOS OS MATERIAIS ELABORADOS** (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías ou outra documentación elaborada ad hoc e que complemente a xustificación da actividade subvencionada).

Os gastos que se subvencionarán deberán respectar o disposto na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica e o establecido ao respecto nas bases reguladoras.



#### En todo caso debe terse en conta que:

- ✓ Os gastos de persoal só serán subvencionables no caso de que sexa persoal contratado especificamente para a execución das actividades polo que deberá acreditarse documentalmente este feito. Os ditos gastos xustificanse con **nóminas pagadas**, documentos de **cotización** á Seguridade Social pagados e documentos acreditativos da **retención** a conta do IRPF.
- ✓ So serán subvencionables os gastos correntes directamente derivados da realización das actividades (elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específico do programa ou actividade, papel, impresos e outro material de oficina), así como aqueles que estean perfectamente xustificadas e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento .
- ✓ No caso de existiren gastos xerais presentaranse xunto co documento no que a entidade estableceu, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, o **método**, equitativo e xustificado, **de rateo** para a súa imputación en base ao gasto real incorrido e na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a acción e sexan efectivamente necesarios para a súa execución, tendo en conta que as entidades son responsables da veracidade e exactitude dos custos xerais imputados, dos criterios de reparto empregados e de manter os rexistros e a documentación xustificativa soporte dos custes e dos cálculos a disposición dos órganos de control.
- ✓ Cando o programa fora financiado, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras axudas ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, **procedencia e aplicación de tales fondos** ao programa subvencionado.
- ✓ A data límite de xustificación é a data límite de realización de gastos e tamén a data límite de realización dos pagamentos dos ditos gastos, sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 16º das bases reguladoras.

#### PUBLICIDADE DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO.

As entidades beneficiarias deberán **dar a adecuada publicidade** do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento das súas actuacións con fondos da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar, de forma visible, un **cartel informativo** no cal aparezan os anagramas da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo en aplicación do disposto na normativa aplicable. Na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade infórmase das características do dito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet, deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dera lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom, etc.) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, colocándose na contraportada no caso das publicacións.

Para calquera dúbida ou aclaración pode enviar a súa consulta ao enderezo  
promocion.igualdade@xunta.es